

Actividades a realizar na clase de inglés no "Día das Letras Galegas"

● Obxetivos:

- Interrelaciona-la lingua galega e a inglesa.
- Favorece-lo traballo con grupos multinivelaes.

● Nivel:

- Principiantes (6°).
- Intermedio (7° - 8°).
- Punto lingüístico: especificado en cada actividade.
- Destreza: especificada en cada actividade.

● Materias: especificados ó comenzo de cada actividade.

- Procedemento: As actividades faranse ó longo da semán.
- Secuenciación das actividades

- 1.ª sesión: Warm up e Finding out phonetic similarities.
- 2.ª sesión: Building up a proverb; who is who; crossword e magic word square.
- 3.ª sesión: Word-ladder; words from words; bilingual bingo; pair work.

□ 1.ª SESION

Warm Up

O profesor solicitará dos alumnos qué feitos culturais teñen lugar no mes de maio. ¿Por qué se celebra en maio o Día das Letras Galegas? A través de Warm Up o profesor busca que o alumno se cuestione por qué se introduce o galego na clase de inglés, e aporte posibles razóns.

Finding out phonetic similarities

- Nivel: Principiantes e intermedio
- Punto lingüístico: fonética e vocabulario.
- Destrezas: escoitar, falar, escribir.
- Materiais: poema de Bouza Brey ("Nocturno").
- Tempo: 40 minutos.
- Procedemento: dada unha poesía de Bouza Brey pediráselle ós alumnos seleccionen todas as palabras que conteñen o son /s/ -x-. O mesmo se pode facer cos diptongos /ei/, /ou/, /oi/, /ai/, etc.... Unha vez que os alumnos enumeran palabras tales como ja, ajouter..., pídese-lles que evoquen palabras inglesas que conteñen o son /s/ e que escriban unha lista coas mesmas. Confeccionada a lista poder dar lugar a un pair-work con tres niveis de dificultades: a/b/c.

Perderei da nenez a melodía?

*Ouh, noite das harmónicas reais,
nao quero despertar! E com arrosos,
de mundoa mundo, das milhentas nais
que dende o seu-ceu mandam consolos
com sabe Deus que laios e que ais,
nesses garridos colos
adormentame máis.
Ai, que ja chega o día,
apougivando as tímidad estrelas,
e mais rachando o ajouter que eu tanguia!*

-Un membro da parella extrae da súa lista unha palabra que anotarán sen ser visto, nun anaco de papel. O seu compañeiro tratará de adiviñala mediante preguntas tales como: Is it an animal?; Is it an object?; What colour is it?, etc....

-Mediante un "password" un alumno suxire palabras relacionadas coa que trata de presentar. Imaxinemos, por exemplo, que o alumno seleccionou da súa lista a palabra "shoe", para trasmitirla ó alumno B mencionará palabras tales como "foot", "walk", "leather", etc... porque todas elas teñen algunha relación con "shoe".

Shoe: palabra que ten que adiviña-lo alumno B

Foot, Walk, etc...: posibles palabras suxeridas por A para que B descubra a palabra "shoe"



-Un membro da parella describe a palabra -cor-, tamaño, forma, natureza, función, etc... e o seu compañeiro trata de adiviñala.

Seguindo co exemplo da palabra "shoe" podería ser descrita da seguinte forma:

It is an objetc.
You wear it on your foot.
You need it when you walt.
It is usually made of leather, etc...

□ 2.ª SESION

Boulding Up a Provers

- Nivel: principiante e intermedio.
- Punto lingüístico: vocabulario coñecido.
- Destreza: Comprensión e expresión escrita.
- Agrupamento: gran grupo.
- Materiais: fotocopia coas pistas.
- Procedemento:
 - Intermedios: os alumnos deben usa-las pistas dadas para descubrir un refrán galego, que formará coas iniciais das palabras resultantes.
 - Principiantes: empregaranse pistas máis sinxelas para obter polo mesmo procedemento os apelidos do autor. Poden aparecer desordenados algúns debuxos que ilustren as pistas.
- Tempo: 15 minutos.

Nivel intermedio.


Clues:

- 1.- You can hear with them
- 2.- C.J. Cela won this prize in 1989
- 3.- Opposite of "woman"
- 4.- Columbus discovered it in 1492
- 5.- There is a lot of it in the Poles
- 6.- I am ten years -----
- 7.- You usually sleep at -----
- 8.- Opposite of "in"
- 9.- When does it snow in Summer?
- 10.- "To be or not to be". That's the -----
- 11.- To be o doctor you study at -----
- 12.- Preposition
- 13.- You have got them inside your mouth
- 14.- You see with them
- 15.- I ---- at 22, Oxford Street
- 16.- It comes before two
- 17.- Opposite of "happy"
- 18.- Your mother's sister.
- 19.- People from Italy
- 20.- It's a fruit and a colour. (O refrán a descubrir consta de cinco palabras)

Nivel principiante.

Clues:

- 1.- There are a lot of ---- in a library
- 2.- He's eleven years ----
- 3.- You use it when it rains
- 4.- It's like a horse with black and white stripes.
- 5.- It's not a mineral or a vegetable. It's an ----
- 6.- Monkeys like this fruit very much
- 7.- Bugs Bunny is a ----
- 8.- It's an animal with a very long nose
- 9.- The Spanish flag is red and ----



ACTIVIDADES NA CLASE DE INGLES NO "DÍA DAS LETRAS GALEGAS"

□ 2.ª SESION

Who is who?

- Nivel: Intermedio
- Punto lingüístico: pasado
- Destreza: comprensión oral ou lectora
- Materiais: a) Ningún b) Sobres contendo pistas
- Procedemento: O profesor facilita datos sobre tres personaxes que teñen un denominador común -ós tres se lles adicou o "Día das Letras Galegas"-.

Trátase de que os alumnos o descubran. Pódese levar a cabo en gran grupo o en grupos de seis.

a) En gran grupo: o profesor da seis datos sobor da vida dun persoaxe. Todos os datos están en pasacío. Pártese dunha puntuación de doce puntos. Cada dato engadido resta dous puntos. Trátase de adiviñar cal é persoaxe elexido ó redor do cal xira a información facilitada.

b) En grupos de seis: A cada alumno se lle asigna un número de 1 a 6. Cada alumno le a súa información, hasta que se descubra o persoaxe. Os datos irán en sobres separados, numerados e pechados. Non poderán ser abertos hasta que lles chegue o turno. A puntuación e a mesma que no apartado a).

- Tempo: 20 minutos aproximadamente.

Estos son os datos que se dan sobor dos tres personaxes:

- 1.- She was born in 1837
 - 2.- She lived in Madrid
 - 3.- She had many children
 - 4.- She married Manuel Murgía
 - 5.- She wrote "Follas Novas"
 - 6.- She was born in Padrón
-
- 1.- He had troubles with his parents
 - 2.- He worked as a journalist in Cuba
 - 3.- He was a member of the "Xeración Nós"
 - 4.- He wrote "A Virxe do Cristal"
 - 5.- He was born in Celanova
 - 6.- He wrote "Aires da miña terra".
-
- 1.- He studied Medicine in Santiago
 - 2.- When he was tem he emigrated
 - 3.- He lived in Buenos Aires
 - 4.- He was born in Rianxo.
 - 5.- He drew very well
 - 6.- He wrote "Os vellos non deben de namorarse" and "Sempre en Galiza".

Magic word square

- Nivel:
 - Principiantes (6º)
 - Intermedio (7º e 8º)
- Punto lingüístico:
 - Alfabeto/ Elaboración de palabras
- Destreza:
 - expresión escrita
- Agrupamento:
 - traballo individual
- Materiais: Encerado
- Procedemento:
 - Trátase de que os alumnos descubran palabras que teñan mesma grafía en galego e en inglés.
 - Partindo dun taboleiro como o do xogo dos submarinos, dáselle ós alumnos as coordenadas das letras que compoñen cada palabra de forma desordenada (pódese poñer no encerado). Deberán descubrir as letras e logo combinalas axeitadamente.
- Tempo: 10 minutos.

- 1.- 6 XX, 1 X, 5 X, o-s-n= son
- 2.- 5 X, 2 X, 2 X
- 3.- 5 X, 3 X, 1 X
- 4.- 4 XX, 6 X, 2 X, 5 X
- 5.- 4 XX, 5 X, 1 X

	X	XX	X	X
1	A	I	S	Y
2	E	B	J	T
3	L	F	C	K
4	P	M	G	D
5	U	Q	N	H
6	W	V	R	O

Crossword

- Nivel: Intermedio
- Punto lingüístico:
 - Pasado simple
 - Revisión de estructuras e vocabulario
- Destreza:
 - Comprensión lectora e expresión escrita
- Agrupamento:
 - Individual
- Materiais:
 - Fotocopia
- Procedemento:
 - O alumno, tendo en conta as pistas dadas, tratará de co-nempla-lo crucigrama cos nomes de escritores ós que, algunha vez, se lles adicou o "Día das Letras Galegas".
- Tempo: 15 minutos.

Across:

- 1.- He is buried in Cortegada
- 2.- He wrote "Aires da miña terra"
- 3.- He was a good drawer
- 4.- His surname reminds you of a Spanish vegetable be gining with "P"
- 5.- He is the author of the "Himno galego".

Down:

- 6.- He liked cooking.
- 7.- She married Manuel Murgía
- 8.- He was born in Celanova
- 9.- He was a teacher with small round glasses.

□ 3.ª SESION

Word-ladder

- Nivel:
 - principiantes
 - intermedio.
- Punto lingüístico:
 - elaboración de palabras.
- Destreza:
 - expresión escrita
- Agrupamento:
 - traballo individual.
- Procedemento:
 - A partires dunha palabra galega, por exemplo "man", trátase de chegar a unha palabra inglesa mediante pasos sucesivos.
 - En cada paso a dar o alumno só poderá cambear unha letra e a palabra resultante ten que ter senso.
- Tempo:
 - 15 minutos.
- Exemplo:
 - Man/ men/ ten
 - Man/ pan/ pen
 - Man/ can/ cat

Words from words

- Nivel:
 - principiantes
 - intermedio
- Punto lingüístico:
 - elaboración de palabras
- Destreza:
 - expresión escrita
- Agrupamento:
 - traballo individual
- Procedemento:
 - A partires das palabras que forman o nome do poeta ourensán homenaxeado no "Día das Letras Galegas", Bouza Brey e combinando todas as súas letras, os alumnos deberán formar o maior número posible de palabras inglesas.
- Tempo:
 - 15 minutos aproximadamente.
- Exemplo:
 - Bye/ you/be/ buy
 - boy/ year/ etc...

Bilingual bingo

- Nivel:
 - principiantes
 - intermedio
- Punto lingüístico:
 - asociación de vocabulario inglés-galego
- Destreza:
 - comprensión oral
- Agrupamento:
 - gran grupo
- Materiais:
 - encerado/ cartón de bingo
- Procedemento:
 - No encerado o profesor anota unha lista de vinte palabras galegas.
 - Cada alumno debe confeccionar un cartón de bingo con un total de nove cadros (3x3) e elixe nove palabras da lista colocando unha en cada cadro.
 - O profesor vai nomeando, ó chou, as correspondentes en inglés e os alumnos van tachando no cartón cada vez que recoñecen a palabra inglesa equivalente, dita polo profesor.
- Tempo:
 - 20 minutos.
- Pódese empregar a seguinte lista de palabras:
 - cociña, nai, branco, ollo, porta, fillo, vermello, dente, fiestra, pais, amarelo, man, tellado, irmá, laranxa, perna, espello, curmán, pé e orella.
 - O profesor di, por exemplo, "orange" e o alumno que teña a palabra "laranxa" no seu cartón deberá tachala.
 - Pódese cantar liña ou bingo.

Pair-Work







- Nivel:
 - intermedio
- Punto lingüístico:
 - preguntas
 - respostas
- Agrupamento:
 - parellas
- Destreza:
 - ler, escoitar, comprender e escribir
- Materiais:
 - fotocopia
- Procedemento:
 - o alumno A pregunta ó alumno B os datos que lle faltan na súa fotocopia e viceversa ata completa-la biografía do autor.
- Tempo: 15 minutos aproximadamente.

Actividade elaborada por: Manuel Casal, Mª Consuelo Fernández, Mª Belén Fernández, Socorro Fernández, Carmen Quintana, Generosa Rey e Mª Carmen Rubio

O QUE TE PERDES MENTRAS VES A TELEVISION



As viñetas de Tonucci veñen a conto para ilustrar a temática das Xornadas de non violencia e educación que terán lugar en Madrid os vindeiros días 30 e 31 de maio, sobre o tema "Outra forma de ver a TV e obradoiro de xoguetes". O fomento de valores alternativos, a presentación de recursos metodolóxicos para os diversos ámbitos educativos, tanto escolares como de educación non formal, son os obxetivos que se pretende acadar. Para inscribirse chamar ao (91) 4796654 ou escribir a "No violencia y Educación", C/ San Cosme e S. Damián", 24.



Dende o decreto 334 do 6 de marzo de 1985 organizase a denominada Educación Especial en orden ós principios de normalización, integración, sectorización e individualización. A Educación Especial xa non se concibe pois como a educación dun tipo de alumnos, senón

como un conxunto de recursos materiais e personais postos a disposición do actual sistema educativo para que este poida responder axeitadamente ás necesidades que de forma transitoria ou permanente poidan presentar algúns destes alumnos.

A Educación Especial: un novo punto de mira

□ JOSE PEDRO MORAIS GALLEGO

Agora xa non se fala tampouco de nenos deficientes ou discapacitados, senón de alumnos con necesidades educativas especiais. Este término de "alumnos con necesidades educativas especiais" comenzo a ser utilizado no informe Warnock, no ano 1978, nun estudio sobre a Educación Especial en Gran Bretaña.

Esta nova filosofía afecta tamén ás aulas de Educación Especial dos centros ordinarios. Estas aparecen contempladas por vez primeira no sistema educativo español na Ley General de Educación do ano 1970, concebidas para a educación dun determinado tipo de alumnos. Pero, tralo novo marco conceptual no que se desenvolve a integración, a Educación Especial debe entenderse como un conxunto de axudas para satisfacer determinadas necesidades educativas, polo tanto, as actuais unidades de Educación Especial deberán transformarse nun apoio á escola a través do seu profesor.

As bases desta transformación "complexa pero inequívoca", recóllense no Anexo I da Resolución do 15 de xuño de 1989 da Dirección General de Renovación Pedagóxica do M.E.C., polo que se establecen as orientacións a seguir no proceso de transformación das unidades de Educación Especial dos centros ordinarios de EXB. No futuro, somentes denominaranse Unidades de Educación Especial as que desenvolvan una labor substitutoria dos centros de educación de Educación Especial nas zonas xeográficas e núcleos de poboación onde, o principio da sectorización acóllese a súa existencia para achegar o servizo ó lugar de residencia dos alumnos con graves necesidades educativas.

Os profesores das actuais aulas de Educación Especial pasarán a ser profesores de apoio para a Educación Especial, figura que non é nova nos nosos centros mercé ó programa de integración que se ven levando a ca-

bo na nosa Comunidade Autónoma, así como no resto do Estado. A situación administrativa dos profesores non se verá afectada en tanto que estes, como propietarios definitivos dunha unidade de Educación Especial, permanecerán no mesmo centro con carácter definitivo como profesores de apoio para a E.E.

A actuación do profesor de apoio para a Educación Especial estará diversificada entre os distintos ciclos e agrupamentos de alumnos, sen ter responsabilidade directa de ningún grupo-clase fixo de alumnos. A súa labor desenvolverase en cinco ámbitos:

- Co profesor tutor: as funcións do profesor de apoio estarán orientadas en gran parte a colaborar co profesor-tutor, contemplando os seguintes:

- A observación sistemática co obxecto de identificar as necesidades educativas do alumno.

- A elaboración conxunta das adaptacións curriculares individualizadas.



A nova medida afecta tamén as aulas de E.E. dos centros ordinarios.

- A elaboración de materiais específicos para o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

- A relación cos servizos pedagóxicos do sector.

- A avaliación en relación coa decisión sobre a conveniencias da retirada ou modificación dos servizos específicos.

- Cos alumnos: a intervención ten un fin educativo, e polo tanto estará vinculada ó curriculum escolar, podendo realizarse de forma individual ou en pequenos grupos, tanto dentro como fora da aula. O tempo empregado fora da aula ordinaria deberá se-lo imprescindible.


- Co ciclo e o claustro: a súa participación pode resultar pre-

ventiva en determinadas decisións que afectan a metodoloxía e organización nos distintos cursos. A nivel de claustro, pódense propór medidas que faciliten a unificación de criterios.

- Co servizo de apoio psicopedagóxico: o profesor de apoio facilitará a relación do profesor-tutor co Servizo de Apoio Psicopedagóxico e do Departamento ou Servizo de Orientación do Centro, do que formará parte.

- Cos pais: colaborará co titor no establecemento dos cauces que permitan que o proceso educativo teña continuidade entre o centro e a familia, así como que garanticen unha puntual información para os pais e profesores.

□ LIBROS



"Los ríos de la luna", premio Ala Delta 1991.

Los ríos de la luna

Chega ás nosas máns a última obra do mallorquín Gabriel Janer Manila coa que obtivo o premio Ala Delta 1991. O libro, pertencente a Edelvives, relata unha fermosa historia de amor entre Genoveva (Geno), rata de laboratorio moi especial, e Guillermo, xove estudante de prácticas. Xunto a outros animais e persoas tentarán cambear a mundo loitando pola defensa dos seres vivos manipulados no nome da ciencia.

Son moi diversas as reflexións que asaltan a mente do lector a medida que avanza na lectura do relato. A primeira é, sen dubida, a defensa ecolóxica. A barbarie coa que o home, en aras do desenvolvemento científico, arrasa todo o que atopa no seu camiño cal cabalo de Atila:

"¿Quen pode crer aínda, Lillí, que o home teña dereito a executar a un ser vivo impunemente, a facerlle sufrir, a manipular o seu patrimonio xenético e experimentar coa súa conduta? ¿Quen pode cre, Lillí, na tortura da materia viva?"

Preguntas que Geno escribe a unha rata que acadou a súa liberdade unha noite de outono. Preguntas que suscitan outras:


¿Quen lle otorga ó home o dereito de torturar a vida? ¿E lícito a manipulación de seres vivos, co fin de favorecer a unha especie?...

Preguntas que quedan no ar sabendo que a súa resposta non é doada. Porque, no fondo, o mundo e coma un gran laboratorio onde cada un de nós, pechados nas nosas xaulas, incomunicados, tentamos sobrevivir vendo con espanto como os intereses alleos moven os fios da nosa existencia: "As accións da bolsa, ao fin e ao cabo...". O individualismo, a lei do máis forte, o poder, o eu por riba de todo son as características do mundo no que vivimos deixando de lado os valores fundamentais. Se te acomodas e reaccionas de xeito esperado, recibes o premio, senón a descarga eléctrica...

Non é un canto ó pesimismo. E unha chamada de SOS para este vello planeta que é testigo da acción humana e sente como as relacións dos seres vivos que nel habitan non presentan a súa mellor faciana.

Pero, se facemos un alto no camiño e elevamos os ollos nas noites claras, quizais aínda poidamos ver os ríos da lúa.

ROSA LUENGO



Elaborado por:

Nova Escola Galega

Coordenan este número:

Manuel Alvarez Cruz
Cecilia Bello
Cristina Caruncho
Xosé Manuel Cid
Xosé Antón Fontelo
Beatriz Sarria

Ilustracións:

Xoan Manuel Andadre
Francesco Tonucci

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

